

O acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de xaneiro de 2002 modificado polo do 6 de xuño de 2002, faculta o titular da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para o exercicio das devanditas competencias.

Conforme o previsto no artigo 40 da Lei de portos do Estado e a mariña mercante, texto reformado pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, a designación e separación dos vogais dos consellos de administración deberá facerse necesariamente por proposta das administracións públicas e entidades e organismos representados no Consello de Administración é polo que, ao abeiro do disposto no devandito artigo 40 da Lei 27/1992, e, en canto órgano competente,

DISPOÑO:

Nomear, como vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra a Antonio Santiago Fernández.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2007.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 27 de novembro de 2007 pola que se modifica a do 31 de xaneiro pola que se regulan as axudas para o mantemento e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social.

Por Orde do 31 de xaneiro de 2007 (DOG nº 29, do 9 de febreiro), da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, régúlanse as axudas para o mantemento e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social. Na súa exposición de motivos sinálase que as axudas que se establecen no articulado desta orde se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 05.20.312B.4810, recollida na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, e o importe destinado a elas ascenderá a 3.042.023,98 euros.

Dado que para atender as axudas solicitadas o importe destinado na Orde do 31 de xaneiro de 2007 resulta insuficiente, e tendo en conta a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 05.20.312B.4810 procédese a incrementar o importe destinado ás axudas polo que é necesario modificar a orde no que respecta a este punto.

De acordo con todo o anterior e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Modificar o parágrafo 8 da exposición de motivos da Orde do 31 de xaneiro de 2007, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regulan as axudas para o mantemento e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, que pasará a ter a seguinte redacción:

«As axudas que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 05.20.312B.4810, recollida na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, e o importe destinado a elas ascenderá a 3.258.320,81 euros».

2. Esta modificación non afecta o prazo establecido na devandita orde para a presentación das solicitudes.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a secretaria xeral da Igualdade para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2007.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Resolución do 14 de novembro de 2007 pola que se adxudican as subvencións correspondentes á tecnoloxía da sociedade da información (SIN) dos programas sectoriais de investigación aplicada, PEME I+D e I+D suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), convocadas na Orde do 26 de abril de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 15 de maio) modificada pola do 15 de outubro (Diario Oficial de Galicia do 28 de outubro).

Por Orde do 26 de abril de 2007 (DOG do 15 de maio) establécense as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes aos programas sectoriais de investigación aplicada, PEME I+D e I+D suma do Plan

Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite) e procédese á súa convocatoria para o ano 2007. A mencionada convocatoria, establece que os programas están dirixidos a diferentes tecnoloxías sectoriais entre as que figura a de sociedade da información (SIN).

De conformidade co disposto nas bases da citada orde da convocatoria, vistas as propostas de resolución formuladas polas comisións de valoración e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-En relación coas solicitudes correspondentes á tecnoloxía sectorial de sociedade da información (SIN):

1. Conceder as axudas para a realización de proxectos de investigación aplicada de equipos de investigación de universidades, organismos públicos de investigación e centros públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, aos beneficiarios que se relacionan no anexo I desta resolución, nas contías que se sinalan.

No anexo II relaciónanse, por orde de prioridade, as solicitudes que foron consideradas como suplentes. A súa concesión queda condicionada a que se produzan baixas nas axudas concedidas.

2. Conceder as axudas para a realización de proxectos de investigación de centros tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia aos beneficiarios que se relacionan no anexo III desta resolución, nas contías que se sinalan.

No anexo IV relaciónanse, por orde de prioridade, as solicitudes que foron consideradas como suplentes. A súa concesión queda condicionada a que se produzan baixas nas axudas concedidas.

As axudas que se relacionan nos anexos I, II, III e IV comprenden a totalidade da subvención necesaria para a realización do proxecto, incrementada nun 15% destinado aos gastos institucionais que a súa execución supón ao organismo o que pertence o investigador responsable.

3. Conceder as axudas para a realización de proxectos de I+D de empresas privadas, agrupacións de

empresas de carácter privado ou empresas públicas que teñan entre os seus fins ou realicen actividades de investigación, aos beneficiarios que se relacionan no anexo V desta resolución.

No anexo VI relaciónanse, por orde de prioridade, as solicitudes que foron consideradas como suplentes. A súa concesión queda condicionada a que se produzan baixas nas axudas concedidas.

Os proxectos incluídos nos anexos I, III e V, que así o indican, están cofinanciados nun 75% con fondos Feder e nun 25% con FCI na anualidade correspondente ao ano 2007.

Segundo.-Para poder percibir as axudas correspondentes será preciso presentar, na data límite do 10 de decembro de 2007, a documentación indicada no artigo 6 dos anexos I, II, III e IV da Orde do 26 de abril de 2007 (DOG nº 93, do 15 de maio).

Terceiro.-A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación adoptará as medidas necesarias para a instrución dos correspondentes expedientes de gasto.

Cuarto.-A inobservancia por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a subvención correspondente.

Quinto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2007.

P.D. (Orde 31-1-2006, DOG nº 24)

Emilio Nogueira Moure
Secretario xeral da Consellería de Innovación
e Industria

ANEXO I

SOLICITANTE	CÓDIGO DA AXUDA	APLICACIÓN ORZ.	FEDER	TÍTULO	2007	2008	2009	2010	TOTAL
LOSADA CARRIL, DAVID ENRIQUE	07SIN005206PR	10.02.561B.744.0	SI	MELLORA NA RECUPERACIÓN DE NOTICIAS E NO ACCESO Á INFORMACIÓN FINANCEIRA: RECUPERACIÓN DE TEXTOS SOBRE BASES DOCUMENTAIS DE AXENCIAS DE NOTICIAS	8.750	26.146	22.635	25.959	83.490
SUBPROXECTOS: BARREIRO GARCÍA, ÁLVARO	07SIN005206PR	10.02.561B.744.0	SI		10.376	31.864	26.617	21.876	90.733
VILARES FERRO, MANUEL	07SIN005206PR	10.02.561B.744.0	SI		12.000	29.308	25.273	28.869	95.450
VILAR FERNÁNDEZ, JUAN MANUEL	07SIN012105PR	10.02.561B.744.0	SI	MODELIZACIÓN ESTADÍSTICA DO RISCO EN FINANZAS E SEGUROS. DESENVOLVEMENTO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS	11.700	23.563	22.529	5.458	63.250

ANEXO II

SOLICITANTE	CÓDIGO DA AXUDA	APLICACIÓN ORZ.	TÍTULO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
SANTE RIVEIRA, INÉS	07SIN011291PR	10.02.561B.744.0	SISTEMA DE AXUDA Á DECISIÓN ESPACIAL PARA A PLANIFICACIÓN TERRITORIAL	77.993
MOSQUEIRA REY, EDUARDO	07SIN013105PR	10.02.561B.744.0	DESENVOLVEMENTO DE METODOLOXÍAS, TÉCNICAS E FERRAMENTAS DE ANÁLISE DE USABILIDADE E ACCESIBILIDADE DE SITIOS E APLICACIÓNS WEB EMPRESARIAIS	117.760
MELLADO BLANCO, CARMEN	07SIN003204PR	10.02.561B.744.0	IDIOMA: DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DE MATERIAL MULTIMEDIA PARA A APRENDIZAXE DAS LINGUAS NA SOCIEDADE DO COÑECEMENTO: O ENSINO INTERCULTURAL DAS EXPRESIÓNS IDIOMÁTICAS DO GALEGO; ALEMÁN E CASTELÁN	96.485

ANEXO III

SOLICITANTE	CIF	CÓDIGO	APLI. ORZM.	FEDER	TÍTULO	2007	2008	2009	2010	TOTAL CONCEDIDO	CUSTO CONCEDIDO	% SUB
CENTRO DE INNOVACIÓN E SERVIZOS - CIS TECNOLOXÍA E DESEÑO	G32217663	07SIN003CT	10.02.561A.743.0	NON	SISTEMA DE INDEXACIÓN, EXTRACCIÓN DE CONTIDOS, PROCURA E XESTIÓN DE INFORMACIÓN EN FONTES LEXISLATIVAS	1.638	35.654	46.224	0	83.536		
CENTRO TECNOLÓXICO ARMANDO PRIEGUE (AIMEN)	G36606291	07SIN004CT	10.02.561A.781.0	SI	DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DUN MOTOR DE CONSULTA, CAPTURA, CLASIFICACIÓN E ANÁLISE DE REXISTROS DIXITAIS	17.147	30.728	46.425	0	94.300		
CENTRO TECNOLÓXICO ARMANDO PRIEGUE (AIMEN)	G36606291	07SIN006CT	10.02.561A.781.0	SI	IMPLEMENTACIÓN DE FERRAMENTAS DE CÓDIGO ABERTO DE CARA A CONSEGUIR CADROS DE MANDO E PRESENTACIÓN DE INFORMACIÓN ESTRATÉGICA	17.241	26.645	30.116	0	74.002		
CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE	G32273427	07SIN011CT	10.02.561A.743.0	NON	CONTORNO DE XESTIÓN DA PRODUCCIÓN LIBRE PARA INDUSTRIAS CÁRNICAS (EXPLICA)	8.215	78.387	38.104	0	124.706		
<i>FUNDACIÓN CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA</i>		07SIN012CT			INFRAESTRUTURA DE SINATURA ELECTRÓNICA CUALIFICADA							
<i>SUBPROXECTOS:</i>												
<i>FUNDACIÓN CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA</i>	A15420599		10.02.561A.743.0	NON		30.631	58.923	57.784	0	147.338		
<i>ALDABA SERVICIOS PROFESIONALES, S.L.L.</i>	B15862295		10.02.561A.770.0	NON		4.743	9.320	22.432	0	36.495	81.100	45
<i>ALDABA SOLUCIONES Y PROYECTOS, S.L.</i>	B15889405		10.02.561A.770.0	NON		4.000	11.066	27.909	0	42.975	95.500	45
<i>FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA</i>	G15852981	07SIN001CT	10.02.561A.743.0	NON	G-FLUXO:FERRAMENTA DE WORKFLOW EN CONTORNOS DISTRIBUÍDOS. APLICACIÓN Á QUÍMICA COMPUTACIONAL	1.914	19.576	27.730	0	49.220		

ANEXO IV

SOLICITANTE	CIF	CÓDIGO	APLI. ORZM.	TÍTULO	TOTAL CONCEDIDO
CENTRO DE INNOVACIÓN E SERVIZOS - CIS TECNOLOXÍA E DESEÑO	G32217663	07SIN02CT	10.02.561A.743.0	DESENVOLVEMENTO DUN CONTORNO VIRTUAL INTERACTIVO PARA A VALORIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL	141.565
INSTITUTO DE ELECTRÓNICA APLICADA PEDRO BARRIE DE LA MAZA	Q8650002B	07SIN08CT	10.02.561A.743.0	LABORATORIO VIRTUAL DE ELECTRÓNICA ANALÓGICA	82.915

ANEXO V

SOLICITANTE	CIF	CÓDIGO	APLI. ORZM.	FEDER	TÍTULO	2007	2008	2009	2010	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	CUSTO PROXECTO	%SUB
<i>ALDABA SOLUCIONES Y PROYECTOS, S.L.</i>	B15889405	07SIN042E	10.02.561A.770.0	NON	ENXEÑERÍA DE SOFTWARE E SOPORTE (ESS QUALITY PROCESS)	7.963	11.910	27.287	0	47.160	104.800	45
<i>BASTET INGENIERÍA, S.L.</i>	B36921849	07SIN005E	10.02.561A.770.0	NON	PLATAFORMA TECNOLÓXICA PARA A MONITORIZACIÓN E SUPERVISIÓN DE INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES	13.377	27.033	0	0	40.410	89.800	45
<i>BASTET INGENIERIA, S.L.</i>	B36921849	07SIN006E	10.02.561A.770.0	NON	TECNOLOXÍAS PARA A INTERACCIÓN MULTICANAL ESTENDIDA (TIME)	23.777	40.582	0	0	64.359	143.020	45
<i>DENODO TECHNOLOGIES, S.L.</i>	B78596046	07SIN024E	10.02.561A.770.0	NON	INIENE. INTEGRACIÓN DE INFORMACIÓN ESTRUTURADA E NON-ESTRUTURADA	46.405	17.195	0	0	63.600	106.000	60
<i>DENODO TECHNOLOGIES, S.L.</i>	B78596046	07SIN032E	10.02.561A.770.0	NON	OPCOBWEB: OPTIMIZACIÓN FÍSICA E LÓXICA DE CONSULTAS EN MEDIADORES DE FONTES WEB	55.808	16.060	0	0	71.868	119.780	60
<i>DIELECTRO INDUSTRIAL, S.A.</i>	A15007750	07SIN001E	10.02.561A.770.0	NON	OPTIMIZACIÓN E CONTROL DINÁMICOS DE INVENTARIOS MEDIANTE REDES NEURONAI	7.008	32.283	38.209	0	77.500	155.000	50
<i>EDISA CENTRO DE INNOVACIÓN, S.A.</i>	A32324493	07SIN017E	10.02.561A.770.0	NON	DESENVOLVEMENTO DE LIBRE ANÁLISE DO NEGOCIO PARA PEMES	10.825	12.925	0	0	23.750	95.000	25
<i>EDISA TECNOLOXÍAS DE INFORMÁTICA INDUSTRIAL, S.A.</i>	A32338253	07SIN047E	10.02.561A.770.0	NON	SISTEMA INTELIXENTE DE PLANIFICACIÓN DE PRODUCCIÓN E OPTIMIZACIÓN DA DISTRIBUCIÓN DE PENSOS	28.111	71.889	0	0	100.000	200.000	50
<i>ENXENIO, S.L.</i>	B15879653	07SIN018E	10.02.561A.770.0	NON	SOFTWARE DE CALIDADE PARA CENTROS EDUCATIVOS	5.026	11.174	0	0	16.200	36.000	45

SOLICITANTE	CIF	CÓDIGO	APLI. ORZM.	FEDER	TÍTULO	2007	2008	2009	2010	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	CUSTO PROXECTO	%SUB
FACTORÍA DE SOFTWARE E MULTIMEDIA, S.L.	B70001912	07SIN004E	10.02.561A.770.0	NON	GALINOPENTRAD: TRADUCCIÓN AUTOMÁTICA AVANZADA DE CÓDIGO ABERTO PARA A INTEGRACIÓN EUROPEA DA LINGUA GALEGA	14.934	28.610	0	0	43.544	54.430	80
I NOVA CONSULT EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRAT.		07SIN038E		NON	INOVAPYME FRAMEWORK - INVESTIGACIÓN PLANIFICADA SOBRE INDICADORES CRÍTICOS E FOLLAS DE RUTA DOS PROCESOS DE INNOVACIÓN NAS EMPRESAS							
SUBPROXECTOS: I NOVA CONSULT EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRAT.	B36927515		10.02.561A.770.0	NON		45.503	41.592	28.866	26.711	142.672	173.340	80
NORTHWEST TECHNOLOGIES, S.L.	B36901148		10.02.561A.770.0	NON		2.500	5.179	6.721	0	14.400	8.000	80
IGALIA, S.L.	B15804842	07SIN039E	10.02.561A.770.0	NON	PLATAFORMA DE SOFTWARE LIBRE PARA DISPOSITIVOS MÓBILES	4.532	51.718	0	0	56.250	125.000	45
IMATIA INNOVATION, S.L.	B36499960	07SIN010E	10.02.561A.770.0	NON	CI+DADÁNS	2.500	8.154	24.446	0	35.100	78.000	45
IMATIA INNOVATION, S.L.	B36499960	07SIN034E	10.02.561A.770.0	NON	INVESTIGACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS PARA A PROVISIÓN DUN NOVO MODELO DE PRODUTOS E SERVIZOS EN RELACIÓN CO TACÓGRAFO DIXITAL	12.814	43.186	0	0	56.000	80.000	70
INSTITUTO TECNOLÓXICO DE OFTALMOLOXÍA	B15811474	07SIN013E	10.02.561A.770.0	NON	PREVENCIÓN E CRIBADO PARA A DMAE	31.707	16.465	25.129	31.414	104.715	232.700	45
NETEX KNOWLEDGE FACTORY, S.L.	B15595754	07SIN023E	10.02.561A.770.0	NON	GURÚ INTELIXENCIA ARTIFICIAL	41.314	133.686	0	0	175.000	250.000	70
NETEX KNOWLEDGE FACTORY, S.L.	B15595754	07SIN036E	10.02.561A.770.0	NON	MOTOR DE SIMULACIÓN	36.000	0	0	0	36.000	80.000	45
OPTARE SOLUTIONS, S.L.	B36898104	07SIN016E	10.02.561A.770.0	SI	TOXO	6.737	25.467	26.098	0	58.302	129.560	45
PUERTO DE CELEIRO, S.A.	A27175553	07SIN027E	10.02.561A.770.0	NON	E-PEIXE. APLICACIÓN MULTICANLE PARA A COMERCIALIZACIÓN DO PEIXE	37.405	118.159	0	0	155.564	777.820	20
SIGNO SIST. DE INF. XEOGRÁF. E CARTOG. DIXIT., S.L.	B15868359	07SIN035E	10.02.561A.770.0	NON	SERVIZOS WEB XEOGRÁFICOS: FERRAMENTAS PARA A ANÁLISE E A XERACIÓN DE INFORMACIÓN ESTRATÉXICA NAS EMPRESAS	4.854	10.222	23.270	0	38.346	54.780	70
SOLUCIONES Y PROYECTOS DE INFORMACIÓN	B15986771	07SIN007E	10.02.561A.770.0	SI	SHAPE SHARE: COMPARTIR, VER E EXPORTAR CARTOGRAFÍA NA INTERNET	12.582	27.030	29.787	0	69.399	154.220	45
SQÉDIO SOLUCIONES TECNOLÓXICAS INTEGRADAS, S.L.	B36443810	07SIN015E	10.02.561A.770.0	NON	DESENVOLVEMENTO DUNHA FERRAMENTA DE XESTIÓN INTEGRAL DOS PROCESOS DE FABRICACIÓN DE BUQUES	23.175	30.825	0	0	54.000	120.000	45
TELÉMACO INFOR. DOCU. E SISTEMAS, S.L.	B32206310	07SIN028E	10.02.561A.770.0	NON	MODELO PARA A VINCULACIÓN E O ALMACENAMENTO DE OBXECTOS SOBRE DOCUMENTOS XML DE LEXISLACIÓN	21.356	44.871	0	0	66.227	94.610	70
TISGER, S.C.L.	F32207912	07SIN029E	10.02.561A.770.0	NON	INVESTIGACIÓN SOBRE A APLICABILIDADE DE AXENTES INTELIXENTES AO MANTENIMENTO E Á PUBLICACIÓN DE INFORMACIÓN TERRITORIAL	24.294	22.056	0	0	46.350	103.000	45

ANEXO VI

SOLICITANTE	CIF	CÓDIGO	APLI. ORZM.	TÍTULO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	CUSTO PROXECTO	% SUBV
VISUAL MICROSYSTEMS, S.A.	A36333706	07SIN020E	10.02.561A.770.0	PLATAFORMA INTEGRADA DE COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS DE PROCESOS DE TRANSPORTE INTERMODAL	49.850	99.700	50
MIP CONFIGURACIONES INFORMÁTICAS, S.L.	B15560444	07SIN043E	10.02.561A.770.0	PLATAFORMA WEB DE XESTIÓN DE COÑECEMENTO PARA SOPORTE TECNOLÓXICO	31.063	69.031	45

Resolución do 14 de novembro de 2007 pola que se procede á publicidade das subvencións concedidas, das subvencións denegadas e á publicación dos requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 18 de setembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas ás entidades locais, encamiñadas ao desenvolvemento na Comunidade Autónoma galega de Cidades Dixitais 2007-2010 no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e o Plan Avanza (código do procedemento IN516A) (Diario Oficial de Galicia número 187, do 26 de setembro).

Con data do 12 de novembro de 2007 o conselleiro de Innovación e Industria ditou resolución pola cal se

resolve conceder, con cargo á aplicación orzamentaria 10.04.571A.760.0, as subvencións ás entidades locais para o impulso do desenvolvemento de aplicacións e servizos de administración electrónica, de servizos dixitais dirixidos aos cidadáns e empresas do ámbito local, de formación e de difusión, relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia a través de Cidades Dixitais 2007-2010, no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e o Plan Avanza, así como ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de expedientes, que despois de seren valorados segundo o artigo 11 da orde de bases da convocatoria, resultaron beneficiarios da subvención. Esta relación achégase no anexo I-Subvencións concedidas. Así mesmo, será obxecto de publicación no DOG a relación de expedientes que figuran no anexo II-Subvencións concedidas pendentes de emenda de documen-